

ACTA Nº 2019/03
SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, sábado 2 de marzo de 2019 -

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario-Interventor, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

CRISTINA CALVO TUIMIL

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

AUSENCIAS:

SECRETARIO:

MIGUEL A. ARROYO MORENO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: ORDINARIA DE DATA 12 DE XANEIRO DE 2019 E EXTRAORDINARIA DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2019.

Ao non haber ningunha observación, o presidente declara aprobadas por unanimidade as actas das sesións ordinarias de data 12 de xaneiro de 2019 e extraordinaria de data 24 de xaneiro de 2019.

SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O NÚMERO 009/2019 ATA O NÚMERO 097/2019.

O Pleno dáse por enterado.

TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP:**

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Modificación da Mesa de Contratación permanente do Concello de San Sadurniño para todos os procedementos de contratación tramitados ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En data 5 de maio de 2018, o pleno do Concello de San Sadurniño acorda en sesión ordinaria a constitución de nova mesa de contratación permanente adecuada ás esixencias legais esixidas pola da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para todos os contratos tramitados ao abeiro da mesma; formada polos seguintes membros:

- Presidencia:
Titular: Xesús Soto Vivero, concelleiro de Facenda e Servizos Sociais.
Suplencia: Manuel Beceiro Couce, concelleiro de Obras e Xestión Territorial.
- Vogais:
Titular 1: A persoa que ostente a Secretaría-Intervención Xeral do Concello.
Suplencia 1: A persoa que legalmente substitúa ao Secretario-Interventor.
Titular 2: A arquitecta municipal, Montse Ruíz Fernández, funcionaria do grupo A2.
Suplencia 2: A traballadora social, Cristina Paz Galindo, funcionaria do grupo A2.
- Secretaría:
Titular: Mónica Cibreiro Caneiro, funcionaria de Administración Xeral do grupo C1.
Suplencia: Ana Isabel Gavín Merlán, bibliotecaria municipal, funcionaria do grupo A2

Tras terse producido modificacións no cadro de persoal municipal, derivadas da solicitude e concesión de excedencia voluntaria por servizo no sector público da traballadora social, funcionaria de carreira no Concello de San Sadurniño; é preciso modificar a composición aprobada en dita sesión plenaria.

O artigo 326.5. da Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece que "... Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente."

O cadro de persoal do Concello de San Sadurniño actualmente non conta con máis persoal funcionario de carreira que o que xa forma parte da Mesa de Contratación, polo que non é posible a substitución da funcionaria suplente da vogal 2 por persoal desta categoría.

Tendo en conta que actualmente as prazas de persoal funcionario están cubertas por persoal interino, só é posible que a suplencia 2 das persoas vogais sexa cuberta por persoal funcionario interino.

Corresponde ao Pleno a atribución para a constitución da mesa permanente, tanto no exercicio das súas atribucións para a creación de órganos desconcentrados, segundo o artigo 22.2.b) da lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local; como en virtude da aplicación analóxica do apartado 5 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que residencia no Pleno a constitución das Xuntas de Contratación.

Este acordo deberá publicarse no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, que segue a estar vixente naquelo que non contradiga as disposicións da nova lei.

Á vista do anteriormente exposto, e en base ás atribucións que me confire a lexislación vixente,
PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Modificar a constitución da Mesa permanente de Contratación Xeral do Concello de San Sadurniño adecuada ás esixencias legais esixidas pola da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para todos os contratos tramitados ao abeiro da mesma; de xeito que quedará formada polos seguintes membros:*

- Presidencia:

Titular: Xesús Soto Vivero, concelleiro de Facenda e Servizos Sociais.

Suplencia: Manuel Beceiro Couce, concelleiro de Obras e Xestión Territorial.

- Vogais:

Titular 1: A persoa que ostente a Secretaría-Intervención Xeral do Concello.

Suplencia 1: A persoa que legalmente substitúa ao Secretario-Interventor.

Titular 2: A arquitecta municipal, Montse Ruíz Fernández, funcionaria do grupo A2.

Suplencia 2: A administrativa, Ana Belén Ermida Igrexas, funcionara de administración xeral do grupo C1.

- Secretaría:

Titular: Mónica Cibreiro Caneiro, funcionaria de Administración Xeral do grupo C1.

Suplencia: Ana Isabel Gavín Merlán, bibliotecaria municipal, funcionaria do grupo A2.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do presente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da composición da Mesa permanente de Contratación no perfil do contratante do Concello de San Sadurniño."

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz municipal do BNG, Xesús Soto, que traslada o apoio do grupo municipal do BNG aos traballadores e traballadoras de Poligal, que contan con unha delegación presente no pleno.

A respecto do punto da orde do día, sinala que a modificación é de trámite xa que se debe á excedencia solicitada pola traballadora social, que formaba parte da mesa permanente de contratación como suplente dunha vogal, que debe ser ocupada por outra persoa do cadro de persoal.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta o seu acordo coa proposta.

O portavoz do PP, Manuel Romero, di que están a favor xa que o número de funcionarios é limitado e cada vez hai menos.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urgente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP:**

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Modificación do Regulamento de acción social do persoal laboral do Concello de San Sadurniño.

En data 20 de febreiro de 2019, a representación sindical do persoal laboral do Concello de San Sadurniño presentan no rexistro xeral municipal proposta de modificación do regulamento de acción social ao que se acollen, tras telo acordado en asemblea xeral do persoal.

A proposta achegada asegura que "unha vez comprobado o funcionamento do Fondo social, o persoal laboral municipal considera necesario realizar unha serie de modificacións, para facelo máis acaído ás necesidades e intereses do colectivo."

O Regulamento social en vigor aplicable ao persoal laboral do Concello de San Sadurniño foi aprobado en sesión plenaria de novembro de 2017, regulando deste xeito o fondo social. Por aplicación analóxica

do artigo 22.2.apartado d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e tendo en conta que se trata dunha modificación dun documento aprobado inicialmente polo pleno municipal, ao abeiro do parágrafo segundo do artigo 40 do propio convenio colectivo do persoal laboral deste Concello; procede someter a presente proposta de modificación a consideración do mesmo.

Á vista do anteriormente exposto, e en base ás atribucións que me confire a lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO MUNICIPAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do regulamento de acción social do persoal laboral do Concello de San Sadurniño a proposta da representación sindical tras acordo unánime en asemblea de traballadoras e traballadores, de acordo co contido no ANEXO I.

SEGUNDO.- Notificar a adopción do presente acordo á representación sindical do persoal laboral do concello de San Sadurniño.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do presente acordo, xunto co texto definitivo da totalidade do regulamento afectado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

ANEXO I

Modificación do regulamento de acción social do persoal laboral do Concello de San Sadurniño

PRIMEIRO.- OBXECTO

1. O artigo 40 do I Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de San Sadurniño regula a constitución dun Fondo social para o persoal laboral municipal.
2. O obxecto deste regulamento é dar cumprimento ao dito artigo e definir as accións, contías e normas de xestión do Fondo social.

SEGUNDO.- ÁMBITO PERSOAL

Poderá beneficiarse do Fondo social o persoal laboral do Concello abranguido no I Convenio colectivo, que estea en situación en activo e traballando efectivamente no mes de novembro de cada ano.

TERCEIRO.- CONTÍA DO FONDO

1. Segundo o recollido no I Convenio colectivo, o Fondo social terá unha contía total de 4.000,00 euros.
2. Esta contía terá carácter anual, e poderá sufrir incrementos, no caso que a normativa de aplicación o permita.

CUARTO.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

1. O Fondo social destinarase a reembolsar, totalmente ou en parte, a cantidade aboada polo persoal municipal no acceso aos seguintes servizos profesionais:
 - Servizos de odontoloxía
 - Servizos de oftalmoloxía

- *Servizos de audioloxía*
 - *Servizos de fisioterapia*
 - *Servizos de podoloxía*
 - *Servizos de ortopedia*
2. *O Fondo só cubrirá os servizos prestados directamente ás traballadoras e aos traballadores municipais.*

QUINTO.- REPARTO DO FONDO SOCIAL

A cantidade dispoñible do Fondo social repartirase, ata esgotar o crédito, de forma equitativa entre todas as solicitudes presentadas e que cumpran cos requisitos establecidos neste regulamento, cubrindo total ou parcialmente os gastos presentados.

SEXTO.- SOLICITUDES

1. *As persoas incluídas no ámbito de aplicación do Fondo social que queiran beneficiarse del deberán realizar unha solicitude, segundo o modelo que se estipule, onde reflectirá os gastos dos servizos con cobertura efectuados entre o primeiro de xaneiro e o remate do prazo de solicitude.*
2. *Asemade, deberán achegar coa solicitude as facturas e comprobantes dos referidos gastos.*
3. *As solicitudes serán recollidas polo departamento de recursos humanos, e serán valoradas por unha comisión formada polo persoal do departamento e pola representación sindical, que elevará á Alcaldía unha proposta de distribución do Fondo social.*

SÉTIMO.- PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude rematará o 10 de novembro de cada ano.

OITAVO.- PAGAMENTO E XESTIÓN

O outorgamento das axudas realizarase a finais de cada exercicio orzamentario. Nomeadamente o reembolso das cantidades correspondentes do Fondo social aboaranse coa nómina correspondente ao mes de novembro.

NOVENO.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO

1. *A asemblea do persoal laboral poderá modificar este regulamento, atendendo ás necesidades e intereses do colectivo, e no marco do I Convenio colectivo.*
2. *A modificación do regulamento elevarase ao Pleno, para a súa aprobación definitiva."*

Na quenda de palabras prodúcense as seguintes intervencións que se recollen sucintamente:

O portavoz municipal do BNG, Xesús Soto, explica que se trata dunha proposta consensuada coa representación do persoal laboral do Concello. Explica a dotación orzamentaria e os servizos que ampara e sinala que o regulamento establece o procedemento para poder aplicar as condicións pactadas. Sinala que o cambio fundamental é o cambio de dar cobertura a un seguro colectivo de saúde polos conceptos subvencionables que se recollen no regulamento.

A portavoz municipal do PSOE, Yolanda Vázquez di que se é algo solicitado polos traballadores e que os beneficia máis, apoia a proposta.

O portavoz municipal do PP, Manuel Romero, tamén manifesta o apoio do seu grupo e traslada a dúbida de que acontece se un ano sobra diñeiro dese fondo.

Xesús Soto respóstalle que non, porque a contía orzamentaria é anual e quedaría inutilizada coa liquidación do orzamento, aínda que hai un acordo de poder ir incrementando a contía anual se os anos anteriores quedou sobranse.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

QUINTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL PARA A APLICACIÓN DA BONIFICACIÓN CONTEMPLADA NA ORDENANZA Nº 1, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urgente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP:**

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Declaración de actividades de especial interese ou utilidade municipal.

O pleno do Concello de San Sadurniño aprobou na sesión extraordinario do 5 de outubro de 2018 a modificación da ordenanza fiscal nº1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles, incluíndo a posibilidade de "bonificación do 95% da cota íntegra do imposto sobre aqueles bens inmóbles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras e forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. No caso de convivencia de varios usos (sendo un deles o agropecuario), a bonificación será do 50%."

Esta medida foi adoptada pola corporación municipal coa intención de paliar os efectos do proceso de regularización catastral levado a cabo polo Ministerio de Facenda no Concello de San Sadurniño; no que se procedeu a dar de alta por parte do Catastro, de forma automática, os inmóbles que non estivesen nas súas bases de datos, afectando a aquelas construcións de máis de 15 metros cadrados.

Unha vez incluída dita bonificación na ordenanza fiscal reguladora e finalizado o prazo de presentación de solicitudes por parte das persoas interesadas o pasado 31 de decembro de 2018, procede a declaración das actividades que se desenvolvan nos inmóbles como de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

O goberno municipal considera que a permanencia de actividades agrarias, gandeiras e forestais e os correspondentes inmobles e construcións ligados á mesma é fundamental para garantir non só o futuro dos espazos rurais do noso Concello, senón o desenvolvemento do territorio tanto no ámbito económico como social.

As medidas de asentamento da poboación e de atracción de novas persoas poboadoras dos núcleos rurais deben comezar por garantir a calidade de vida de quen a día de hoxe vive e desenvolve a súa actividade económica nese espazo, xa que constitúe o principal garante do coidado respectuoso do entorno.

Este goberno municipal pretende que o ámbito rural do concello de San Sadurniño se manteña como un espazo vivo, dinámico, en continuo desenvolvemento e que conte con un sistema de vida e de traballo que garanta a igualdade das persoas poboadoras do rural, sen discriminación algunha polo mero feito de ter elixido un espazo rural para vivir.

É obvio que as actividades agrícola, gandeira e forestal foron no seu momento o mellor xeito de garantir o desenvolvemento rural e, non só o mantemento, senón o incremento da poboación. A día de hoxe, a aplicación dunha política económica baseada no libre mercado e inserida na peor face da globalización mundial que xustifica a adopción de medidas que provocan un continuo afogamento das explotacións agrarias no País, só pode contrarrestarse con medidas que, aplicadas desde xestores da Administración con coñecemento do País e sensibilidade suficiente co territorio e a xente, no escaso ámbito competencial que ostentan, palíen no posible as políticas do gran capital aplicadas con conivencia desde as administracións europeas, estatal ou galega.

Considera este goberno polo tanto, que as actividades agrícolas, gandeiras e forestais que se desenvolven no termo municipal de San Sadurniño cumpren cos requisitos de contribución ao desenvolvemento social e económico do municipio, nos termos expostos máis arriba, que xustifican a súa declaración como de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais e de fomento do emprego.

Esta declaración de especial interese ou utilidade municipal de vincularse ao cumprimento dos requisitos por parte dos inmobles para a obtención da bonificación regulada nese mesmo artigo, desenvolta no apartado 5 do artigo 10 da correspondente ordenanza municipal, realizando unha interpretación conxunta do mencionado artigo e do artigo 74.2. quarter do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O mencionado texto legal establece que "corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros." Constan no expediente as solicitudes de bonificación no imposto de bens inmobles vinculadas á bonificación expresada no apartado 10.5. da ordenanza municipal nº1, reguladora do imposto sobre bens inmobles; que inclúe a solicitude de declaración da actividade desenvolta no inmovible como de especial interese ou utilidade municipal.

En base ao anteriormente exposto, en base ás atribucións que me confire a lexislación aplicable,
PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais e de fomento de emprego, as actividades que se desenvolven nos*

inmobles identificados coas seguintes referencias catastrais, por cumprir co establecido no artigo 10.5 da ordenanza nº1 do Concello de San Sadurniño, reguladora do imposto sobre bens inmobles:

- 000100700NJ71D0001MQ
- 000100700NJ71D0000XM
- 15077A026000050000UM
- 000300200NJ71D0001AQ
- 000400900NJ72D0000OJ
- 001800400NJ81G0001BO
- 15077A091000240000UK
- 15077A159000780000HM
- 000200500NJ71F0001PL
- 15077A504000260000YP
- 15077A504000440000YE
- 001203100NJ72D0001FK
- 15077A027000160000UK
- 15077A027000010000UW
- 000300100NJ71D0001WQ
- 15077A026000020000UL
- 001700300NJ72B0001YM
- 15077A501006020000YA
- 15077A161000010000HP
- 15077A161000060000HO
- 001000400NJ72A0001EF
- 15077A502102980000YX
- 000200100NJ71D0001BQ

SEGUNDO.- Proponer á Deputación Provincial da Coruña, que xestiona por delegación o referido imposto, a concesión das oportunas bonificacións, en función do uso de que se trate, aos inmobles cuxa actividade foi declarada de especial interese ou utilidade municipal, de acordo co establecido na seguinte táboa; ao abeiro do artigo 10.5 da ordenanza nº1 do Concello de San Sadurniño, reguladora do imposto sobre bens inmobles:

Referencia catastral	Bonificación
000100700NJ71D0001-MQ	0,50
000100700NJ71D0000XM	0,95
15077A026000050000UM	0,95
000300200NJ71D0001AQ	0,50
000400900NJ72D0000OJ	0,50
001800400NJ81G0001BO	0,50
15077A091000240000UK	0,95
15077A159000780000HM	0,95
000200500NJ71F0001PL	0,50

15077A504000260000YP	0,95
15077A504000440000YE	0,95
001203100NJ72D0001FK	0,95
15077A027000160000UK	0,95
15077A027000010000U W	0,95
000300100NJ71- D0001WQ	0,50
15077A026000020000UL	0,95
001700300NJ72B0001YM	0,50
15077A501006020000YA	0,95
15077A161000010000HP	0,95
15077A161000060000HO	0,95
001000400NJ72A0001EF	0,95
15077A502102980000YX	0,50
000200100NJ71D0001BQ	0,50

TERCEIRO.- Declarar que o resto das solicitudes realizadas para acollerse á mencionada bonificación, non cumpren cos requisitos establecidos no artigo 10.5. da ordenanza nº1 para a súa declaración como de especial interese ou utilidade municipal.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos municipais oportunos para a tramitación axeitada.

QUINTO.- Ordenar a notificación do presente acordo ás persoas interesadas, especificando que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que o adoptou no prazo dun mes, significando que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente."

Na quenda de palabras prodúcense as seguintes intervencións que se recollen sucintamente:

O portavoz municipal do BNG explica que a adopción desta medida debeuse á intención de paliar os efectos dos procesos de regularización catastral que se levaron a cabo no ano 2018. Explica o procedemento que se seguiu para admitir as solicitudes, tras o que se recibiron 60 solicitudes das que 23 cumpren cos requisitos para beneficiarse da bonificación. Sinala que dita proposta debe trasladarse á Deputación Provincial, que xestiona o imposto por delegación, para que sexa aplicada a bonificación que corresponda.

A portavoz do PSOE manifesta o seu voto favorable.

A concelleira do PP, Belén Trigo, di que están a favor; pero que detectaron un erro nas parcelas relacionadas, en concreto unhas das referencias que non existe; polo que non poden aprobar o que non existe.

Xesús Soto solicítalle que traslade a finca de que se trata, xa que pode tratarse dun erro na transcripción das referencias, para facer a corrección.

Belén Trigo di que se trata da referencia catastral situada na cuarta posición.

O secretario municipal di que debe comprobarse coa relación completa que inclúe os números e os nomes para corrixila de ser o caso ou eliminala da relación.

O portavoz do BNG propón unha aprobación condicionada a que se corrixa no caso de ser un erro ou se elimine se non existe.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade, condicionada á comprobación da referencia catastral situada en cuarto lugar na relación.**

SEXTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA OS ANOS 2019-2020; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP:**

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do Plan Económico-financieiro do Concello de San Sadurniño para os anos 2019-2020.

A LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira (LOEPSF) establece no seu artigo 3 que “a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e resto de actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realízase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. Nel defínese a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O art. 11.4 da LOEPSF establece que as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O art. 12 da LOEPSF regula a regra de gasto, sinalando que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financieiros e de equilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito, hai que ter presente a obrigatoriedade de cumprir co principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade de financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

Mediante Resolución da Alcaldía de 14/08/2018 aprobouse a liquidación do orzamento do exercicio 2017. Con carácter previo a esta resolución, logo das actuacións do peche contable, a Intervención Municipal elaborou os informes correspondentes ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda, coas seguintes conclusións:

- Incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria.*
- Incumpre co obxectivo de regra de gasto.*
- Cumpre co límite de endebedamento.*

Tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2017, en aplicación do disposto na LOEPSF procede a elaboración dun plan económico-financieiro que lle permita ao concello retornar a unha situación de cumprimento destes parámetros como máximo a 31 de decembro de 2020, é dicir, no momento de efectuar a liquidación do orzamento do ano 2020, xa que de conformidade co establecido no artigo 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2019) e para o seguinte (2020).

En base ao exposto e ao abeiro da lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar o plan económico-financeiro do Concello de San Sadurniño para os anos 2019-2020 que se xunta como ANEXO a esta proposta.

SEGUNDO: Ordenar a publicación do mesmo e o súa rendición aos organismos correspondentes."

Na quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións, que se recollen sucintamente:

Xesús Soto, portavoz do BNG, sinala que aínda que a presentación do PEF está fóra de prazo, non ten consecuencias negativas e mesmo pode facilitar a execución do mesmo. Tras reiterar que se debe realizar por cuestións técnicas referidas á liquidación do 2017 que se sinalan no propio plan, polo que o que se propón é a adopción de medidas non estruturais, senón medidas ordinarias de redución da conta 413 en vindeiras liquidacións e tamén limitar o uso de remanentes de tesourería para gastos xerais.

Yolanda Vázquez, portavoz do PSOE, manifesta o seu acordo coa proposta presentada.

Belén Trigo, concelleira do PP, tamén manifesta o seu acordo e o desexo de que se use o remanente o menos posible e se limiten tamén as modificacións de crédito.

Na quenda de réplica, Xesús Soto, di que non se entende que contando con remanente non se poida gastar para non incumprir cuestións técnicas. Nese sentido, manifesta a intención do goberno municipal de atender cuestións e prestar servizos de primeira necesidade, aínda que iso supoña non cumprir tecnicamente coas directrices marcadas polo goberno de España.

O alcalde toma a palabra antes da votación para matizar que os remanentes non foron utilizados para pagar facturas, senón para realizar investimentos financeiramente sostibles que, ademais, contaron co voto favorable do Partido Popular.

A concelleira Trigo pide intervir para matizar que se hai remanente é porque non se inviste o 100%, xa que investindo máis, gastaríase máis.

O alcalde retruca ao que di a concelleira manifestando que non é certo e que non entende a estrutura orzamentaria.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

SÉPTIMO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO 8 DE MARZO; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, sendo **aprobada con oito (8) voto a favor das concelleiras e concelleiros do BNG e PSOE e tres (3) votos en contra das concelleiras e concelleiro do PP:**

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO 8 de MARZO, PARA A SÚA APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

O pasado 8 de marzo de 2018 tivo lugar unha mobilización sen precedentes de mulleres secundando unha convocatoria internacional de paros e mobilizacións. O obxectivo fundamental era denunciar a vivencia da desigualdade manifestada en múltiples aspectos. Desde a fenda salarial que en Galiza é do 21,56% e os problemas laborais das mulleres con maior temporalidade, xornadas parciais e precariedade, a falsa conciliación sen servizos públicos que asuman os traballos de coidados que continúan a recaer, de maneira moi maioritaria, nas mulleres e que, por tanto, ven minguadas as posibilidades de desenvolvemento profesional, ou a situación de violencia que padecen as mulleres tanto por acoso, violacións e abusos como pola cantidade de feminicidios que se continúan a producir. Só no 2018 foron asasinadas en Galiza tres mulleres.

A mobilización, que desbordou todas as previsións existentes ao respecto, foi precedida dunha manifestación nacional o domingo 4 de marzo, unha convocatoria tamén histórica e impulsada polo feminismo galego. Foron moitas as persoas que participaron nas diferentes concentracións e na Galiza observamos como, proporcionalmente, a mobilización foi maior que no resto do Estado, e proba diso foi a grande manifestación que puidemos ver en Ferrol. Esta altísima participación tivo repercusión en todas as cidades e moitas vilas galegas e dá conta de que as mulleres estamos fartas de aturar esta situación desigualdade e violencia e que somos conscientes do retroceso enorme que estamos a padecer en xeral e, no caso galego, en particular, nomeadamente con índices que inciden nunha dupla discriminación, como mulleres e como galegas.

Os acontecementos e debates arredor deste histórico 8 de marzo sitúan un desafío político de primeira orde ao servizo do que tiñamos que poñer os nosos instrumentos e capacidades, tamén desde os poderes públicos. Continúan vixentes os motivos que levaron a milleiros de galegas ás rúas hai un ano e é máis, engádense novos retos. Vivimos neste momento unha ofensiva reaccionaria e patriarcal impulsada pola dereita que ten entre outras ameazas o intento de cuestionar a violencia machista, retrotraela ao ámbito do fogar e romper os consensos aos que se tiña chegado cando nin sequera se cumpre co marco legal. Unha ofensiva que tamén afecta aos nosos corpos e a decisión sobre eles, impulsando os ventres de aluguer ou o recorte en dereitos reprodutivos e sexuais como política de fomento da natalidade, situando as mulleres como mercadoría e como obxecto.

A ofensiva patriarcal do momento esixe unha resposta máis contundente. É innegábel que despois dunha época de expansión dos dereitos das mulleres e do avance da igualdade estamos a vivir unha forte ofensiva patriarcal de grande complexidade. Aí están, por exemplo, as barrigas de aluguer, a custodia compartida imposta ou a restrición do dereito ao aborto nun contexto no que mentres a violencia machista continúa asasinando mulleres o tan aplaudido Pacto de Estado contra a violencia machista non trouxo un impulso de mudanzas lexislativas e de compromisos orzamentarios suficientes, nin tampouco o goberno galego é permeábel a comprometerse con saltos cualitativos neste aspecto que supoñan cumprir e desenvolver o sinalado na aínda hoxe pioneira lei galega de 2007.

Hoxe o movemento feminista galego desde o espazo colectivo Galegas 8M traballa no impulso dunha manifestación nacional o vindeiro 3 de marzo en Lugo e nas mobilizacións do propio 8 de marzo, data na que existe xa a convocatoria de Folga Xeral de Mulleres de 24 horas rexistrada polo sindicato maioritario de Galiza, a Confederación Intersindical Galega

Porén, as mulleres da Galiza non imos permitir nin un só paso atrás e desde a Corporación municipal do Concello de San Sadurniño chamamos a sumar a prol das súas iniciativas, polo cal manifestamos o noso

recoñecemento e apoio a Galegas 8M e á convocatoria de manifestación nacional do día 3 de marzo e de folga de mulleres do 8 marzo de 2019 e manifestamos o noso compromiso contra as ameazas de retrocesos en materia de dereitos, de forma especial canto a violencia machista, o dereito ao aborto e a permisividade ou legalización dos ventres de aluguer e tamén imos seguir traballando, levando a cabo as actuacións recollidas no III PLOMH e poñendo a disposición todos os recursos precisos que contribúan a acadar a tan reclamada igualdade de dereitos entre mulleres e homes nos diferentes ámbitos da sociedade.

E como dicía Rosalía de Castro: "Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino"

Na quenda de intervencións, o alcalde cédelle a palabra á concelleira de igualdade, Ana B. Breixo, que dá lectura da declaración.

A portavoz do PSOE e o portavoz do PP manifestan o seu acordo coa proposta de declaración institucional.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

OITAVO.- MOCIÓNS URGENTES.

O alcalde da conta da existencia dunha proposta de declaración institucional de apoio ás traballadoras e traballadores da factoría de Poligal en Narón, procedendo sometela a consideración do pleno para o seu tratamento como urgente. Sométese esta cuestión a votación, sendo **aprobado por unanimidade o seu tratamento por vía de urxencia.**

O alcalde procede a dar lectura da proposta de declaración institucional, ao haber acordo entre os grupos municipais, que, literalmente, di:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO ÁS TRABALLADORAS E AOS TRABALLADORES DE POLIGAL-NARÓN

O pasado 22 de febreiro, o Conselleiro Delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba á representación social a solicitude dun concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Narón e, polo tanto, co posíbel despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación), foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E foi dende Narón de onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir.

Só por mencionar os últimos investimentos en Narón, Poligal solicitou as seguintes subvencións apoiándose no Plan Ferrol:

- 2.645.520 €, dos 6.382.082 € do orzamento financiable (REINDUS 2007)

- 552.099 € dos 5.520.990 € financiáveis (é dicir, o 10% do orzamento financiável) e dos 1.945.219€ solicitados (IG100 IGAPE).
- IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- 508.750 € dos 2.554.000 € solicitados e 5.108.000 € financiáveis (REINDUS 2009).

Os prestamos concedidos ao interese 0% e dous anos de carencia foron de 2.645.520 € (1ª fase) e 508.750 € (2ª fase), un total de 3.154.270 €, que equivalían ao 27,45% do orzamento financiável (REINDUS 2007 e 2009), máis os 552.099 € do IG100 a fondo perdido ao remate do investimento.

No 2008, solicitou de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiável de 2.742.400 € (REINDUS 2008).

A empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 €, que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia (Skarbi-mierz), e en Portugal montan a liña de cast; tamén anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México.

A empresa crea unha maraña organizativa coa única finalidade de descapitalizar e deslocalizar en calquera momento. Así temos que:

- os responsables de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, e seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal);
- Poligal Global Service é a comercializadora do grupo e único cliente das tres factorías; eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en función dos intereses empresariais; nela están centralizadas as nóminas dos que son xefes e responsables, de xeito simultáneo, das 3 empresas, factorías que pagan un canon á comercializadora pola prestación de servizos; pola contra, Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer ou algún outro servizo do que é usuaria;
- os gastos da planta de Narón incrementáronse, conscientemente, nuns 500.000 € ao non ser co-partícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% do custo exclusivamente na factoría de Narón, o que foi denunciado en varias reunións coa empresa ao entender que de ditas probas de materiais se benefician tamén o resto das empresas do grupo, polo que debería ser presupostado anualmente e costeadado entre as tres.

A pesares da descapitalización intencionada da dirección, Poligal Narón:

- ✓ conta cunha plantilla máis que cualificada, como o evidencia o feito de conseguir os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a certificación BRC;
- ✓ a planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais; o propio empresario chegou a definir a Poligal Narón como a "boutique" do grupo.

Por todo o anterior, os Grupos Políticos con representación no Pleno do Concello de San Sadurniño

MANIFESTAN

- 1. o seu **apoio** e a súa **solidariedade**, e a das veciñas e veciños que representan, coas traballadoras e cos traballadores de Poligal-Narón, na xusta defensa dos seus postos de traballo;*
- 2. a súa **demanda** á empresa para que renuncie ao concurso voluntario de acredores e retire a proposta de liquidación de Poligal-Narón;*
- 3. a súa **esixencia** á Xunta de Galiza e ao Ministerio de Industria, administracións que viñeron subvencionado a Poligal, do seu compromiso e implicación activa na solución deste conflito que, necesariamente, pasa polo normal funcionamento do centro de traballo de Narón e o mantemento do seu cadro de persoal, xa que doutro xeito non se pode entender a concesión de axudas públicas.”*

A continuación, o alcalde cédelle a palabra a un representante do comité de empresa de Poligal Narón que se atopa no salón de plenos que agradece o apoio da corporación e insiste en que non se debe consentir que despois de ter recibido cartos públicos, as empresas poidan marchar a outros lugares destruíndo postos de traballo.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta que sempre se deben defender os dereitos dos traballadores e non permitir que as empresas fagan o que queiran prexudicando sempre aos traballadores.

A concelleira do PP, Belén Trigo, sinala que están totalmente de acordo cos traballadores.

O portavoz do BNG, Xesús Trigo, di que o conflito é un máis dos existentes na comarca que foi sometida continuamente a plans de reindustrialización con resultados bastante deficientes, que foron usados para crear, por exemplo, Poligal. Sinala tamén o elevado nivel de desemprego na comarca arrastrado desde o inicio da década do 2010 e insiste en que conflitos como o de Poligal sitúan á zona nunha situación insostible. Lembra que o grupo empresarial chegou a contar con 6 millóns de euros de financiamento público, que chegou a ter bos niveis de rendemento empresarial para o grupo e que actualmente a mala situación que poida ter o grupo é derivada fundamentalmente de situacións doutras empresas e non de Poligal; polo que non se entende que a solución sexa pechar esta empresa. Atribúe a situación ao capitalismo puro que está a levar a cabo unha deslocalización e teme porque estas decisións se estendan a outras empresas que operan en Galicia, en busca de beneficios empresariais e en prexuízo das traballadoras e traballadores. Demanda a existencia de normativas no Estado español que impidan este tipo de situacións. Traslada ás traballadoras e traballadores todo o apoio do grupo municipal do BNG, do conxunto da corporación e da poboación de San Sadurniño.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía por unanimidade.**

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan rogos.

O alcalde abre a quenda de preguntas.

A concelleira do PP, Belén Trigo, pregunta por unha nova que saíu na prensa sobre a tutela das contas do Concello de San Sadurniño por parte de Facenda por incumprimento da estabilidade.

O alcalde explica que non se trata de unha intervención no sentido en que se coñece popularmente, senón que se refire a necesidade do Plan Económico Financeiro. Manifesta que esta situación é habitual nas administracións locais.

A concelleira do PSOE, Yolanda Vázquez, pregunta sobre un comentario a respecto dun accidente nunhas probas de vehículos no Forgoselo que parece que se realizaban sen autorizacións.

O alcalde di que el ten coñecemento dun permiso municipal para utilización especial dunha vía municipal para unha proba dun vehículo, pero descoñece se se produciu algún accidente.

Yolanda Vázquez pregunta se cando se dá unha autorización non se corta o tráfico na vía que se autoriza. O alcalde di que cando é unha competición debe estar aprobada, con medidas de seguridade, etc.; pero neste caso trátase dunha proba, non dunha competición.

A portavoz do PSOE di que segundo a información que ten debería autorizalo tráfico, contar con ambulancia, etc.

O alcalde manifesta que descoñece a normativa específica e sinala que o Concello autoriza a realización dunha proba nunha vía municipal, pero que a obtención doutras autorizacións é responsabilidade de quen a organiza, non do Concello. Para os rallies autorízase a realización do mesmo polas vías municipais, pero as medidas de seguridade e outras autorizacións non é competencia municipal.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 12:14 horas, de todo o que, como secretario, dou fe.

O alcalde
Secundino García Casal

O secretario
Miguel A. Arroyo Moreno